

China volve: a súa irrupción no escenario político e económico internacional

Jaime Giné i Daví

A irrupción e integración de China como un novo actor protagonista no escenario político e económico internacional é un dos feitos máis destacábeis nos comezos deste século XXI. Dende que en 1978 Deng Xiaoping lanzou a súa política de reformas, modernización e apertura ao exterior, este país realizou de forma gradual e pragmática unha transformación espectacular transitando dunha economía planificada a unha economía de mercado socialista.

O que fascina do proceso de reformas chino é a dimensión do país e os millóns de persoas que a protagonizan. A uns centos de metros de onde repousan os restos de Mao Zedong, fundador da República Popular de China, os preto de 3.000 deputados da Asemblea Popular Nacional confirmaron, o 14 de marzo de 2004, a modificación da Constitución china de 1992 para incluír unhas referencias específicas á protección da propiedade privada e á protección dos dereitos humanos. Este paso, máis alá do seu carácter programático, ten un compoñente político significativo porque se lanza á comunidade internacional, e á económica en particular, unha mensaxe que pretende reafirmar a vía que se desexa irreversible cara a economía de mercado, conforme aos acordos adoptados no XVI Congreso do Partido Comunista celebrado en novembro de 2002.

Este proceso está guiado agora polo presidente Hu Jintao, que representa á denominada Cuarta Xeración de dirixentes que, co apoio dos sectores máis progresistas do PCCh e das novas clases empresariais, profesionais e emprendedoras da sociedade china, constitúen os axentes principais do proceso actual de modernización de China. Hu Jintao, que xa era secretario xeral do Partido Comunista chino desde outubro do 2002 e presidente da República desde marzo do 2003, asumiu o 19 de setembro de 2004 a presidencia da Comisión Militar Central (CMC) –que aínda conservaba Jiang Zeming– o que significa que ten as principais rendas para exercer o liderado do país.

China está presente continuamente nos medios de comunicación (a celebración dos próximos Xogos Olímpicos de Pequín 2008 e da Expo de Shanghai 2010, a construción de grandes infraestruturas, a irrupción na carreira espacial) e, moi especialmente, no mundo económico e empresarial atraído, por un país que se incorporou á Organización Mundial do Comercio, OMC, e que dispón dun potencial mercado de máis de mil trescentos millóns de persoas cunha economía que, no ano 2003, creceu un 9,1%.

Non obstante, o modelo de reforma e crecemento chino a raíz de certas dificultades xurdidas, como o SARS, provoca moitas preguntas sobre a sustentabilidade do crecemento económico, o saneamento do sistema financeiro, a necesi-

dade dunha protección efectiva dos dereitos políticos, económicos e sociais, etc, cuestión que tamén suscita interese é analizar que peso desexa ter China na política internacional, e especialmente o ver como evolucionan as súas relacións con EEUU, Europa, India e Xapón.

Non se pretende neste artigo responder a todos os interrogantes formulados, pero si facer algunhas consideracións que nos aproximen aos principais retos que o goberno chino está asumindo desde tres perspectivas que, no caso chino, están estreitamente ligadas: unha priorización do crecemento económico do país, unha lenta e gradual apertura política baixo o control do PCCh e unha prudente política exterior nun marco de crecente conflitividade no mundo tralos acontecementos do 11 de setembro de 2001, e a posterior intervención estadounidense en Iraq.

Para entender ben o actual proceso de reformas en que está inmerso o país cómpre partir dunha premisa: China foi historicamente unha gran potencia económica e cultural e desexa saír dunha longa etapa de retrasos e frustracións nas súas relacións con Occidente. Foi e considerouse o centro do mundo e desexa agora recuperar o lugar que cree lle corresponde para volver a ser, en dúas décadas, unha gran potencia económica e comercial, con gran peso político na comunidade internacional. Os chinos queren modernizarse e aprenden rapidamente de Occidente. A súa hipersensibilidade nacionalista lévaos á convicción de que unha cousa é modernizarse e outra é occidentalizarse. Desexan abrirse aos avances tecnolóxicos de Occidente sen renunciar ás raíces e tradicións que, aínda que complexas, conformaron a diversidade de pobos que compoñen a China actual.

1. Primeira prioridade: o desenvolvemento económico de China

¿É posible lograr que 1.300 millóns de chinos saian en poucas décadas dos niveis de subdesenvolvemento nos que estaban inmersos en 1976 á morte de Mao? Deng Xiaoping así o creu en 1978 cando lanzou unha reforma que logrou en 25 anos multiplicar o PIB varias veces. Os seus sucesores Jiang Zemin e Hu Jintao seguiron a senda das reformas e da apertura económica con resultados espectaculares. Hoxe, o sector privado representa xa un 60% da economía china e está liderado por unha nova clase social, aberta e emprendedora, que alimenta o proceso modernizador en conivencia cos dirixentes dun Partido Comunista, que cabería redefinilo máis ben coma un “partido de poder” encargado da xestión e control das reformas.

Un feito demostrativo da importancia desta emerxente clase media –formada por empresarios e técnicos especializados– constitúe o seu recoñecemento na doutrina das tres representacións que se aprobou no XVI Congreso do Partido Comunista celebrado en novembro de 2002.

Non obstante, o paso dunha economía planificada a unha economía de mercado non é unha tarefa fácil. O goberno chino ten moito que facer para consolidar este proceso reformista desde o saneamento do sistema financeiro público, que aínda subvenciona

empresas estatais sen viabilidade económica, ata o sistema sanitario e de seguridade social do país, que aínda non cubre as necesidades básicas de millóns de cidadáns chinos.

China medra rápido, pero a sociedade china actual está adquirindo un carácter desigualitario. O crecemento económico estase producindo principalmente en grandes áreas da costa Este, onde se concentran as inversións estranxeiras en detrimento do centro e leste do país. Deng Xiaoping xa previu que algúns se enriquecerían antes dado que o goberno ensaiou primeiro as reformas mediante a creación de zonas económicas especiais situadas na costa Este.

Hoxe hai unha fenda inmensa entre a renda per cápita dos cidadáns de Pequín e Shanghai e das provincias de Guangdong, Jiangsu e Zhejiang en comparación coa das provincias occidentais como Gansu e Guizhou. Esta disparidade entre ingresos rurais e urbanos e tamén dentro das cidades, pode constituír un grave problema político e social que o goberno desexa corrixir progresivamente. Hu Jintao anunciou, o mesmo día que asumiu o relevo na cúpula das forzas armadas, que a loita contra a corrupción e a pobreza rural constituirá, nos próximos anos, un dos obxectivos principais do Goberno chino, e entre as medidas que tomará incluíu a realización dunha reforma fiscal que liberará progresivamente de impostos a 800 millóns de campesiños, o colectivo que forma parte da maioría social de desfavorecidos polas reformas chinas.

Outra cuestión que se formula é se o modelo de crecemento chino é sostible desde o punto de vista do impacto sobre o medio ambiente (contaminación, degradación de solos, urbanización excesiva, deforestación, etc). China é xa o segundo consumidor de enerxía do mundo, aínda que a considerable distancia dos EEUU. O seu modelo de desenvolvemento baseado nun crecemento acelerado debe coidar a súa sustentabilidade. Aínda que é o sétimo produtor mundial de petróleo, é o segundo en carbón, polo que ata o de agora baseou principalmente o seu consumo enerxético nunha fonte de enerxía que provoca graves consecuencias medio ambientais no país. Iso levou ao goberno a facer unha aposta pola construción de centrais de enerxía nuclear.

Desde hai dúas décadas, o ritmo de construción de grandes infraestruturas, necesarias para a urbanización de novas áreas que acollan aos millóns de campesiños que se trasladan ás grandes cidades está afectando fortemente ao medio ambiente. A pregunta que cabe facerse é se son aplicables a China, India e a outros países emerxentes asiáticos os modelos de crecemento e de consumo que, de forma abusiva, foron adoptados polos países desenvolvidos.

2. A gradual e controlada reforma política en China

Na súa última visita oficial a Francia, o presidente Hu Jintao e o presidente Jacques Chirac asinaron unha declaración conxunta na que o primeiro se referiu explicitamente á vontade de respectar os dereitos humanos e facer avanzar a de-

mocracia no seu país. Así mesmo, China comprometeuse a ratificar axiña o Pacto Internacional sobre Dereitos Civís e Políticos aprobado polas Nacións Unidas en 1966. A referencia á protección dos dereitos humanos incluíuse na recente reforma da Constitución china, previa votación por parte da Asemblea Nacional Popular o día 14 de marzo de 2004. Trátase dun avance significativo, pero cabería preguntarse se á hora de interpretar ou aplicar efectivamente o concepto de dereitos humanos, ambas partes entenden o mesmo.

Ninguén discute que, 15 anos despois dos acontecementos de Tiananmen, os cidadáns chinos consolidaron maiores cotas de liberdades, especialmente económicas e sociais: teñen liberdade de circulación polo país, incluso xa poden ir ao estranxeiro para estudar e poden intentar enriquecerse por métodos capitalistas. O réxime chino está evolucionando e relaxou o control sobre a sociedade, pero o partido denominado comunista mantén, adaptándose ás circunstancias, o control político. En China estanse abrindo lentamente espazos para novas formas de participación ou de asociación, nacen e se desenvolven ONG impulsadas por unha emerxente sociedade civil. O goberno acepta primeiros pasos de apertura que se alimentan co propio desenvolvemento económico, o contacto de decenas de miles de estudantes chinos con universidades estranxeiras, as relacións cos chinos de Hong Kong, Taiwán, Singapur e outras comunidades de todo o mundo.

Tense falado moito da existencia dun contrato social entre os dirixentes da cuarta xeración agora no poder e as clases sociais emerxentes. Estas aceptan a lexitimidade e o control do Partido Comunista chino na medida en que este asegure a continuidade do crecemento económico e da mellora progresiva dos niveis de benestar social do país. É no marco deste hipotético pacto que cabe entender a inclusión dos empresarios no partido e o recoñecemento constitucional da propiedade privada.

Todo iso suxírenos a pregunta de si China camiña cara unha democracia. A resposta podería ser afirmativa na medida en que se defenda que para que funcione eficazmente unha economía de mercado se precisa dun estado de dereito, cunha submisión do Estado á lei que garanta a posibilidade do cidadán de poder demandar a aquel, grazas á existencia dun poder xudicial independente.

O propio modelo de desenvolvemento dunha economía cada vez máis aberta ao exterior esixe un marco legal que garante o exercicio efectivo dos dereitos das persoas físicas e xurídicas. O réxime é consciente de que as novas clases emerxentes e a cidadanía están pedindo mellor seguridade xurídica, empezando coa protección do dereito á propiedade. Merece destacar que está aumentando a influencia dunha nova profesión: a dos xuristas. China conta agora con soamente 150.000 avogados, pero estanse formando nas universidades chinas novas promocións que favorecerán este proceso de tránsito cara a un estado de dereito. Tense escrito que se os economistas e os enxeñeiros protagonizaron as últimas décadas, os xuristas tamén van xogar desde agora un papel relevante no proceso de modernización do país.

Outra cuestión se formula: ¿Como será a democracia en China? A resposta debe ser moi cautelosa, porque existen dúbidas de que China vaia contar a

medio prazo cun sistema pluripartidista conforme aos esquemas occidentais. Os dirixentes da cuarta xeración falan das necesarias reformas do sistema político e da extensión da democracia socialista, cun incremento da participación dos cidadáns nos asuntos políticos.

Non obstante, Hu Jintao, con ocasión da conmemoración do 50 aniversario da fundación da Asemblea Popular Nacional (APN) nun acto celebrado o 15 de setembro de 2004 e un día antes do inicio da reunión anual do Comité Central do PCCh descartou a posibilidade de instaurar unha democracia multipartidista na República Popular fundada por Mao Zedong en 1949. O presidente chino manifestou que a historia de China mostraba que copiar de forma indiscriminada os sistemas políticos occidentais conduce a unha canella sen saída e reiterou a vontade de reforzar o liderado e a capacidade de gobernabilidade do PCCh.

O réxime chino desexa reformarse desde dentro e pecha a porta, de momento, á creación doutros partidos políticos e de contrapoderes exteriores independentes do control do PCCh. Iso non significa que estas portas non se poidan abrir gradualmente no futuro. Hoxe por hoxe, o Goberno soamente entreabriu algunha fiestra que permite a candidatos independentes participar nas eleccións locais como é o caso das que se celebraron en decembro de 2003 en varios distritos municipais de Pequín. Están claras dúas cousas: en primeiro lugar que, a diferenza da reforma radical levada a cabo por outras economías antes planificadas, como a ex Unión Soviética, China está impulsando un proceso de reforma que prioriza o ámbito económico ao político.

En segundo lugar, que o PCCh conserva unha marxe importante de lexitimidade baseada nos logros económicos. Cando se fala de conceptos como dereitos humanos e democracia, acéptase que son valores universalmente recoñecidos pero non se desexa interpretalos, conforme aos modelos occidentais senón tendo en conta tamén os valores que conforman a cultura e a historia pasada e recente de China. Cómpre remarcar que China é Oriente e en Oriente seguen vixentes, por exemplo, as doutrinas de Confucio. De todos modos, o gradualismo e o pragmatismo con que a cuarta xeración de dirixentes encabezada por Hu Hintao conduce o proceso lévanos a pensar que a reforma política avanzará, porque se precisa para consolidar as reformas económicas.

Hai dous factores a considerar: a nova xeración de mozos e as clases emerxentes das cidades, moi abertas e conectadas mediante Internet, son motores de cambio. Ademais, a próxima celebración dos Xogos Olímpicos de Pequín en 2008 e a Exposición Mundial de Shanghai en 2010 tamén axudarán a que o país se abra máis en todos os sentidos.

Hai outras pistas a seguir: a evolución das relacións do Goberno chino con Hong Kong e con Taiwán. Deng Xiaoping lanzou o principio “un país, dous sistemas” como unha fórmula que podería facilitar o proceso de integración da hoxe denominada Rexión Administrativa especial de Hong Kong, que pasou á soberanía de China o 1 de xullo de 1997, pero coa posibilidade de manter durante 50 anos o sistema capitalista e legal, incluso moeda propia.

Hong Kong continúa sendo un piar básico da economía asiática e gran parte do comercio exterior e as inversións estranxeiras directas en China, non soamente entran pola porta de Hong Kong senón que son en gran parte inversións de capital procedente da ex colonia. Non obstante, seis anos despois, o balance presenta algúns claroscuros que se manifestaron cando o pasado ano as autoridades gubernativas de Hong Kong trataron de aprobar un proxecto de lei de seguridade nacional que foi considerado por unha maioría da poboación como unha posible vía para restrinxir o exercicio de determinadas liberdades públicas.

Unha gran manifestación de protesta tivo lugar o 1 de xullo de 2003 e en setembro o discutido proxecto foi retirado para abrir o diálogo e consensuar un novo texto que evite suspicacias. Estas suspicacias continúan porque o Goberno de Pequín pretende interpretar en sentido restritivo a lei fundamental de Hong Kong en canto aos dereitos políticos.

A filosofía destas relacións entre Pequín e Hong Kong foi fixada nunha declaración do Comité Permanente da Asemblea Nacional Popular de China, reunida en Pequín o 26 de abril de 2004, onde se deixou claro que a situación non estaba “madura” para que Hong Kong elixa por sufraxio universal directo ao gobernador no ano 2007 nin a totalidade do Consello Lexislativo de Hong Kong en 2008.

Refírese esta declaración ao sufraxio universal como o obxectivo último, pero sen concretar as aspiracións da ex colonia de elixir directamente aos representantes das súas institucións. O 1 de xullo de 2004 outra manifestación multitudinaria tivo lugar en Hong Kong para reiterar a defensa do pluralismo político e a xeneralización do sufraxio universal no sistema electoral da ex colonia británica. O 12 de setembro de 2004, celebráronse unhas eleccións para elixir directamente soamente a metade dos membros do Consello Lexislativo. O resto foi asignado coma sempre por sufraxio indirecto procedente de varios gremios e entidades corporativas que tradicionalmente se alían co poder central.

Houbo un récord de participación do 55,6%, pero os partidarios da apertura obtiveron uns resultados por debaixo das previsións e suman agora 25 dos 60 membros do Consello Lexislativo, que seguirá dominado polos partidarios pro-Pequín. En todo caso, haberá que seguir a evolución deste movemento democrático, existente nunha cidade que forma parte da República Popular China. E é que, na evolución das relacións con Hong Kong, está unha das claves para visualizar cómo e ónde vai o proceso de reforma política china.

A segunda pista a ter en conta é a evolución da situación de Taiwán. Do mesmo xeito que Hong Kong, Taiwán é un dos primeiros inversores no desenvolvemento da economía china, especialmente na zona de Shanghai, onde traballan máis de 300.000 taiwaneses. Non obstante, as relacións políticas seguen a ser tensas. O goberno de Pequín cualificou a Taiwán como unha provincia rebelde. O clima enrareceuse máis cando o presidente de Taiwán, Chen Shuibian, anunciou a celebración, para o mesmo día das eleccións presidenciais, duns referendos que, segundo Pequín, poden alimentar unha dinámica secesionista.

Esta iniciativa do goberno de Taiwán non conta co apoio dos EEUU nin da UE, inclinados pola perspectiva dunha futura reunificación china. Tampouco conta co apoio do mundo económico taiwanés, con intereses directos en China. Os resultados das consultas do día 20 de marzo de 2004 agudizaron a división entre os partidos contendentes. O presidente taiwanés, Chen Shuibian, que sobreviviu a un misterioso intento de asasinato a vixilia do día da consulta, foi reelixido por escasísima marxe (50,12% dos votos), fronte ao seu contrincante Lien Chan (48,88%). A oposición denunciou a existencia de fraude e pediu ao Tribunal Supremo a impugnación do resultado e a investigación sobre este estraño intento de asasinato.

Así mesmo, para nada serviron os referendos, xa que o nivel de participación, inferior ao 50% necesario, invalidou as dúas consultas. O presidente Chen tomou posesión do seu cargo o 20 de maio de 2004 cunha actitude conciliadora, tanto con respecto a Pequín como coa oposición interna. Por un lado, mantivo o seu plan de reformar a Constitución taiwanesa, pero asegurou que estas reformas non afectarían ás cuestións –a soberanía ou a independencia–, que son extremadamente sensibles para o Goberno de Pequín. A reacción negativa de Pequín ao discurso do 20 de maio, non incita ao optimismo. O goberno de Hu Jintao rexeita toda forma de diálogo e reitera a súa vontade de seguir utilizando os medios diplomáticos e económicos para ir reducindo gradualmente as marxes de manobra de Taiwán.

3. China, moito máis que a fábrica do mundo

Na reunión do Foro Económico Mundial celebrada en Davos en xaneiro de 2004, China centrou unha gran parte do debate. Houbo unha mensaxe clara: China vai a ter un peso determinante, xunto aos Estados Unidos, Europa e Xapón, na economía mundial, que se traduce nunha reorganización de parte da produción e do comercio mundial cun dobre efecto: estase convertendo nun importantísimo centro manufactureiro mundial, que tamén incrementa o comercio interasiático.

China converteuse en 2002 no primeiro país receptor das inversións directas estranxeiras, por diante dos EEUU. En 2003 acadaron o récord de 53.500 millóns de dólares. Aínda que a cifra é altísima, hai que insistir que as dúas terceiras partes das inversións son de procedencia asiática, principalmente de Hong Kong e Taiwán. En comparación, as inversións americanas representan o 10% e as da UE o 7%, principalmente de Alemaña e Italia.

Este fluxo de inversións séntese atraído polas vantaxes comparativas que China ofrece: un mercado potencialmente enorme, e uns custes salariais moi baixos para unha man de obra cada vez máis cualificada. A combinación destes factores anima ás empresas multinacionais a dar o salto cara o mercado chino, deslocalizando parte da produción –e dos empregos– non soamente de EEUU, Europa, Xapón ou Corea, senón tamén doutros países en vías de desenvolvemento, como é o caso de México. Incluso Nixeria se queixa de que a competencia china golpea a súa produción téxtil.

Aínda que se fala moito do baixo custe da man de obra china, o factor humano é decisivo. China conta cunha sociedade motivada cunha elevada capacidade de aprendizaxe o que é clave para incrementar a produtividade. A combinación dunha industria manufactureira modernizada con traballadores cada vez máis cualificados xa anuncia que, a medio prazo, China será moito máis que a fábrica do mundo para converterse tamén nun centro produtor de alto valor engadido.

China ten unha enorme dispoñibilidade de man de obra, o que diferencia o seu caso dos precedentes xaponés e coreano. Nestes últimos países, a medida que se desenvolvían, os salarios aumentaban e perderon progresivamente a vantaxe comparativa do custe laboral. En cambio, en China as reservas de man de obra son inesgotábeis e o país pode ser á vez fábrica do mundo e centro do “high-tech”. É previsible que dentro do país se produza unha certa deslocalización de centros manufactureiros da costa leste cara o centro e oeste, mentres Shanghai, Guandong e outras zonas concentren os centros e laboratorios de alta tecnoloxía.

É evidente que todo este proceso, e isto sábeo e favorece o goberno chino, o impulsan as inversións estranxeiras causantes deste “boom”. Actualmente, case o 30% da produción industrial china deriva de empresas con participación estranxeira e, en 2003, as filiais estranxeiras son a fonte de máis da metade das exportacións chinas, cunha forte presenza en sectores como o automóbil ou a electrónica. Pero hai outros sectores como a enerxía, a metalurxia, o petróleo e a química que están principalmente controlados por produtores locais, algúns dos cales son tamén competitivos, con fortes posicións no mercado interior e unha clara vocación de internacionalización.

Seguindo o proceso de Xapón e Corea, pronto aparecerá un número crecente de empresas chinas que se van converter en empresas globais con vontade de presenza e inversión en moitos países. O exemplo de TCL, que acaba de crear coa empresa francesa Thomson unha sociedade que é o primeiro fabricante mundial de televisores é xa un aviso de que China aprende rápido.

4. Unha prudente política exterior que prioriza a inserción de China na economía mundial

A política exterior de China caracterízase por unha prudencia e un pragmatismo dirixidos a favorecer e priorizar a modernización, o desenvolvemento económico e a integración no concerto internacional, que é condición necesaria para lograr un status de gran potencia tanto no ámbito económico e tecnolóxico como no político e militar.

As relacións bilaterais entre EEUU e China foron sempre complexas. China ve con suspicacias as recentes tendencias unilateralistas dos EEUU, pero buscou un certo entendemento no ámbito político e unha cooperación no económico e comercial. No ámbito político, China precisa contar con EEUU para reconducir no seu favor

a cuestión de Taiwán do mesmo modo que EEUU espera unha posición máis clara de Pequín en relación co réxime de Corea do Norte.

A actitude prudente do goberno chinu de cara aos EEUU nos conflitos de Afganistán e Iraq é claramente demostrativa da mutua conveniencia de evitar confrontacións. Tampouco os EEUU pensan cuestionar no fondo a posición china sobre Taiwán. Desde o punto de vista económico, as relacións son tamén complexas e mediatizadas pola forte relación comercial que existe entre ambos. EEUU é o segundo socio comercial de China, país onde moitas empresas estadounidenses como General Motors están deslocalizando parte da súa produción para conquistar este inmenso mercado pero tamén para reexportar os seus produtos cara EEUU e Europa.

Non obstante, outras empresas como Intel, que xa deslocalizou un terzo das súas fábricas anuncia xa a quenda dos laboratorios. Por outro lado, EEUU séntese incómodo ante a posición china de manter o yuan cun valor fixo respecto ao dólar, o que reforza máis a capacidade exportadora china e o incremento do déficit dos EEUU, que en parte é financiado con compras de bonos do tesouro americano por parte do Banco Central de China. Estes temas estiveron presentes na campaña presidencial en EEUU e impulsados por determinados “lobbies” americanos, con posicións dispares sobre o problema dunha deslocalización que xa produciu a perda de máis de centos de miles de empregos na industria manufacturera americana.

En todo caso, Pequín non viu con malos ollos a reelección do presidente Bush, nas recentes eleccións estadounidenses. China confía en estreitar aínda máis as relacións con EEUU no segundo mandato de Bush. Seguen a ter nexos ou intereses estratéxicos e económicos que os manteñen próximos, aínda que non mesturados, e non se prevén, de momento, cambios nas relacións bilaterais, aínda que tamén algúns analistas anuncian que a China de Hu Jintao non será tan neoliberal e proamericana como a de Jiang Zemin e que aquel será máis proclive a reforzar lazos coa UE e Rusia. A Torre Eiffel de París foi iluminada con luces vermellas para recibir ao presidente Hu Jintao e é que Francia, ao igual que España e outros países da UE, desexan manter unhas relacións positivas e frutíferas pensando tamén nas potencialidades económicas e comerciais do mercado chinu.

Hai varios temas pendentes por resolver nas relacións entre China e a UE desde que ao día seguinte dos acontecementos de Tiananmen, en xuño de 1989, a UE acordou, a título de sanción, o embargo sobre as vendas de armas a China. Este tema foi tratado durante o VI Cumio Europa-China que se celebrou en Pequín o 30 de outubro de 2003, sen chegar a un acordo ao respecto por falta de consenso. O goberno francés tomou definitivamente partido a favor do levantamento do embargo e así o reiterou na visita que o presidente Chirac fixo a China en outubro de 2004. Chirac pasou con pé de la nas cuestións referentes aos dereitos humanos e centrouse no fortalecemento das relacións económicas e comerciais entre ambos países.

O debate sobre o posible levantamento do embargo proseguirá pronto, aínda que a Comisión Europea estima pouco probable que se tome unha decisión ao respecto. Por outro lado, os EEUU seguen opoñéndose a que a UE chegue, de momento, a un consenso sobre este tema. De todos modos, existe unha vontade de entendemento entre a UE e China. Este país é o seu terceiro socio comercial e un dos principais beneficiarios da axuda ao desenvolvemento da UE.

A primeira viaxe oficial que fixo Hu Jintao tras ser elixido presidente de China foi visitar Rusia en maio de 2003 e entrevistarse con Putin para renovar o acordo de amizade e cooperación que aquel e Jiang Zemin asinaron en 2001. Un tema importante para ambos países é o da súa colaboración en Asia Central, un punto xeoestratéxico delicado trala intervención americana en Afganistán e Iraq na loita antiterrorista. Estados Unidos instalou bases en Asia Central e Paquistán, nunha zona que é fronteiriza con China e Rusia. Estes países, conxuntamente con Kazajstán, Kirguizistán, Tayikistán e Uzbekistán, constitúen o “Grupo de Shanghai”, unha organización de cooperación preocupada pola seguridade e a cooperación económica nunha zona onde os EEUU están acrecentando a súa presenza militar. Outros temas de interese común son a cooperación económica en Siberia e o renovado papel que as Nacións Unidas deben volver a exercer na reconstrución de Iraq, buscando niso a converxencia coa posición de determinados países da UE.

As relacións bilaterais chino-rusas víronse potenciadas cos acordos políticos e económicos asinados por Hu Jintao e Vladimir Putin en Pequín o pasado 14 de outubro, que resolveu vellos litixios no trazado dos 4.300 km de fronteira común, que tiñan provocado mesmo enfrontamentos militares nos anos sesenta e setenta. Tal e como se recorda na declaración conxunta chino-rusa, o acordo vai crear condicións máis favorables para a cooperación estratéxica e económica entre ambos países e constitúe unha importante contribución á seguridade e á estabilidade de Asia-Pacífico.

Hu Jintao e Putin trataron outras cuestións clave de índole económica, como son o apoio de China ao posible acceso de Rusia á Organización Mundial do Comercio (OMC) e o incremento das importacións de petróleo ruso para cubrir as necesidades enerxéticas de China, convertida nunha nova locomotora da economía asiática.

Finalmente, outras posibles zonas de interese para China son África e América Latina, que constitúen áreas de posible interese estratéxico, para a súa expansión comercial e o acceso á enerxía que necesita China para o seu desenvolvemento.

A emerxencia de China como gran potencia económica tamén ten unha gran incidencia para a economía latinoamericana, ás veces positiva, ás veces negativa. Cabe subliñar que a canalización dunha parte da inversión estranxeira directa cara China provocou un descenso significativo da que ata agora tiña como destino América Latina. Con todo, o crecemento da economía china está beneficiando ao sector exportador latinoamericano, especialmente agroindustrial, minearía, enerxía, chamado a saciar a sede de materias primas que precisa o xigante asiático. Especial relevancia van ter as relacións bilaterais entre China e Brasil,

un país que representa case a metade do PIB sudamericano. A visita do presidente Lula a China en maio de 2004 significou o fomento dunha relación que pode ir máis alá do comercial –Brasil xa é o maior socio comercial en América Latina– e incidir na construción dunha orde internacional máis equilibrada no marco do sistema de Nacións Unidas.

En canto ao continente africano, China pode atopar en Sudáfrica outro socio privilexiado. De feito, xa se asinaron entre ambos países acordos no ámbito enerxético. China está especialmente interesada na tecnoloxía sudafricana do paso de carbón a combustible líquido.

5. O escenario asiático

Se ata agora nos referimos ás relacións internacionais de China, a continuación ímonos centrar no papel que China está asumindo como locomotora do crecemento e integración da economía asiática.

En Asia estanse producindo determinados movementos que desde Europa deberían ser seguidos con especial atención, como é o feito da normalización das relacións bilaterais entre China e a India para reforzar e complementar a súa cooperación económica e comercial. As consecuencias xeoestratéxicas dunha alianza entre os dous países máis poboados da Terra poden ser importantes. Esta alianza xa se puido constatar na última reunión ministerial da OMC, celebrada en Cancún, en setembro de 2003, onde se destacou a emerxencia do chamado G23, un grupo de países liderados por China, India e Brasil que pretenden coordinar posicións comúns dos países en vías de desenvolvemento. Por outra parte, a vontade de Xapón e de Corea do Sur de estar e cooperar con China está provocando unha reorganización e potenciación do mercado interasiático.

Se a exportación asiática cara EEUU e Europa foi durante as dúas últimas décadas o motor do desenvolvemento económico de Xapón e Corea e outros países emerxentes asiáticos, ultimamente hai cambios no taboleiro económico mundial, xa que o comercio interasiático progresa dúas veces máis rápido que o comercio con Occidente. Cada vez máis o movemento de contedores procedentes de portos asiáticos xa non se dirixe cara EEUU ou Europa senón cara outros portos asiáticos. As exportacións xaponesas, coreanas e australianas a China xa superan as dirixidas a EEUU.

Sen lugar a dúbidas, o achegamento entre China e India é unha boa noticia. Cun terzo da poboación mundial, ambos teñen unha fronteira común de 3.500 km que antano foi obxecto de disputas e que agora se abre para deixar paso ao comercio. De camiñar na vía da integración económica interasiática todos saen gañando, mesmo Xapón, cunha saída da crise actual que se explica en parte polo aumento do seu comercio exterior e das súas inversións en China. Este proceso de potenciación do comercio interasiático aceléranos principalmente as propias empresas.

6. Consideración final

China está levando a cabo desde hai vintecinco anos un crecemento económico importante e hoxe xa é o cuarto exportador e o terceiro importador mundial. Estase convertendo nunha nova locomotora do comercio mundial, especialmente en Asia, pero aínda non é unha potencia económica, e non pode compararse aos principais países desenvolvidos como EEUU, a UE ou Xapón. Pero as potencialidades de China son inmensas e xa comprobamos que é a principal beneficiaria do fenómeno mundial de deslocalización de centros de produción que afecta non soamente aos países desenvolvidos senón tamén a outros países en vías de desenvolvemento. China é hoxe un país en transición cara unha economía de mercado, pero o ritmo e escala daquela é tan rápido e espectacular que pode devir unha gran potencia económica en dúas décadas.

Non obstante, unha das prioridades do presidente Hu Jintao está en reconducir e racionalizar o crecemento económico de China, para que sexa máis cualitativo que cuantitativo e evitar que se produzan desequilibrios territoriais, sociais e medio ambientais. Para lograr o mantemento da cohesión territorial e social de China, Hu Jintao pretende renovar e mellorar as capacidades de dirección dos cadros do Partido Comunista Chino, e corrixir aqueles casos de corrupción ou de incompetencias que poidan afectar á lexitimación do Partido aos ollos da sociedade china. O réxime chino estase renovando pero non se albisca que, a medio prazo, vaia a abrir as portas a un sistema multipartidista. Con motivo da celebración do 50 Aniversario da Asemblea Nacional Popular, Hu Jintao referiuse ás reformas políticas necesarias para lograr a prosperidade e a felicidade do pobo e establecer un novo sistema político democrático, pero deixou claro que se trataba dunha democracia con características chinas e insistiu en que nunca copiaría o sistema político doutros países, cunha referencia expresa a que a historia china demostra que seguir cegamente as receitas da democracia occidental conducirían a China a unha canella sen saída.

A China de Hu Jintao vai proseguir, baixo o control do PCCH, a súa apertura económica e terá un maior protagonismo como actor internacional que defende o multilateralismo e fomenta a cooperación e integración económica de Asia. Sen alterar o entendemento con Estados Unidos, China dedicará unha especial atención ás relacións coa UE e Rusia e seguirá avanzando posicións nas súas relacións comerciais con América Latina e África, para asegurar a obtención e diversificación das súas necesidades enerxéticas.

O día 15 de outubro de 2003, China converteuse no terceiro país, despois da ex Unión Soviética (1961) e os Estados Unidos (1962) en enviar un home ao espazo. Coincidindo co 25 aniversario do inicio dos procesos modernizadores lanzados por Deng Xiaoping trala morte de Mao, China tamén lanza a mensaxe de que aspira a ser moito máis que a fábrica do mundo, e que pide paso no ámbito científico, tecnolóxico e de defensa. A celebración dos próximos Xogos Olímpicos en Pequín en 2008 e da Expo Mundial de Shanghai en 2010, constituirán, a finais desta década, dous acontecementos que consolidarán a vocación de China e da súa sociedade de recuperar o seu

protagonismo na comunidade internacional. China, que se considerou durante séculos o centro do mundo, desexa volver a recuperar outra vez unha posición central neste século XXI que acaba de empezar.

Jaime Giné i Daví é secretario xeral de Casa Asia.